



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Febreiro 2018

Información da 4ª reunión do XII convenio de Educación Infantil

Celebrada o 14 de febreiro de 2018

Cambios importantes nunha nova Clasificación Profesional

Nesta 4ª reunión a patronal volve facer unha análise da situación, nos mesmos termos que na anterior reunión e en contestación á proposta enviada por correo das demais OO.SS. Desde o seu punto de vista avalíana como fóra da realidade do sector e totalmente inasumible.

Dende o bando sindical contéstaselle que non vale un “non” a todo e seguir co discurso de que “todo vai fatal”. Débese facer propostas concretas e deixar de dilatar as negociacións, pois vai alá máis dun ano dende a denuncia do convenio e non temos nada concreto.

Desde CIG-Ensino intervimos con 2 temas:

1º) Dando resposta á falsa realidade que describe a patronal, pois a que viven os traballadores/as galegos/as é outra distinta -que están fartos de recortes e perda de dereitos e que levan cargada sobre as súas mochilas a totalidade da crise-, baseámonos en 3 feitos:


- **O convenio é moi básico**, pouco máis recolle que o E.T. e **é dos peores no ensino**.

- **As esixencias ás traballadoras**

cada vez son maiores: máis responsabilidades, máis carga de traballo e formativa, máis funcións... Pola contra, estas teñen cada vez menos recoñecementos.

- Elas, as traballadoras, foron as que soportaron toda a crise co seu esforzo. A parte da perda de dereitos laborais, sufriron **2 descolgues salariais, 2011 e 2015, con 4 anos conxeladas e deixando de gañar**, no caso dunha educadora, **entre 3000 e 4000€ nese período**, segundo o tipo de escola e de salario. Iso xa o teñen perdido, pero que se lles compense en adiante con **subas que recuperen o poder adquisitivo perdido (5,6% e 6,6%** segundo tipo de escola, privada ou de xestión indirecta).

Por todo isto desde a CIG entendemos que a negociación ten que ir



nunha soa dirección, a **da mellora laboral e da recuperación salarial**.

2º) Desde a CIG-Ensino facémosvos entrega da nosa plataforma reivindicativa, xa pechada dende o ano pasado, que é froito das achegas de delegadas/os e afiliados/as. É de resaltar que, cotexada coa das demais OO.SS, coincidimos practicamente no 90% do texto, feito este que evi-

dencia que a realidade do sector está deste lado. Tal é así que unha vez revisada, podemos refundilas nunha, polo que tamén lles pedimos ás outras centrais sindicais que se defenda nos mesmos termos e que as traballadoras se vexan protexidas e non vendidas, como xa ten pasado neste convenio.

Logo doutras intervencións das demais OO.SS, deixándolle as cousas claras á patronal, esta pide un recesso para falaren entre eles. Á volta deste, foinos entregado un texto coa **proposta da Clasificación Profesional da patronal**, como punto de partida das negociacións.

Aínda que non se pechou con acordo este Capítulo IV de Clasificación Profesional, si se avanzou moito no novo deseño da mesma:

1º) Faise unha **adaptación á normativa, segundo o art. 22 do E.T.**, cousa obrigada.

2º) A patronal entende que o **Personal Directivo** non é un **Grupo profesional**, senón un **Cargo temporal**, polo que os mete nun novo artigo. Serán directora, subdirectora e directora pedagóxica. As OO.SS trasladamos que tiñamos que miralo en termos legais, pois había casos de contratacións como directoras e agora non

se lle podía poñer en entredito ese contrato. A patronal respostou que se poden recoller eses casos nunha transitoria para que non perdan o dereito. Pendente revisar a legalidade.

3º) Grupo I: **O persoal de Aula**: composto por **Mestra, Educadora Infantil e Auxiliar de Apoio**. A plataforma sen a CIG pretende introducir a **Teacher, a coordinadora e a orientadora**. A patronal non o ten claro e para nós non é fundamental. O que si propuxemos dende a CIG foi que as definicións destes postos fosen moi claras para distinguilos e marcar moi ben as súas funcións. Non só se aceptou, senón que practicamente quedaron pechadas as súas definicións e funcións. Marcáronse as diferenzas funcionais entre mestra e educadora, e no caso da auxiliar de apoio recollerase que non poderá estar na aula sen a presenza da titora da mesma.

4º) Grupo II: **Persoal de Servizos Complementarios**, composto por persoal especializado logopeda, psicóloga, enfermeira, médica, asistente social... eliminándose o caduco "titulado medio e superior". Todos de acordo e engadiranse as definicións.

5º) Grupo III: **Persoal de Administración e Servizos**, composto por **Persoal de Servizos Xerais (PSX) e Administrativa**. Neste grupo presentamos discrepancias dende a CIG

coa refundición de 3 categorías en PSX, pois vai supoñer ERES e conflitos entre traballadoras, ademais de perder un dereito adquirido por contrato unha cociñeira ou limpadora e incluso o persoal de mantemento (pois pasarían a poder ter que facer de todo). En definitiva, estaríamos como o caso das direccións. Valórouse metelo cunha transitoria, o mantemento dos dereitos adquiridos, para as traballadoras afectadas, até a entrada en vigor deste convenio. Pero ao final acordouse deixalo como está, pois non está a dar problemas, e os posibles casos de escolas pequenas, que poñía a patronal como exemplo, poden tirar de contratación dunha PSX, que xa se define para distintas funcións de servizos. Nós aquí pedimos o posto de condutora a maiores, outra OO.SS pediu conserxe, pois nunha escola infantil moi grande, que representaba, había esa figura. Na próxima reunión concretáranse os distintos postos e as súas definicións.

Rematouse a reunión marcando a próxima para o **venres 16 de marzo**, cos seguintes temas a tratar:

- **Rematar a Clasificación Profesional.**
- Traballar sobre a **Xornada Laboral e o ámbito funcional.**

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal